



NUMAX PRESENTA:

69 | SETTEMBRO 2023



Librería



La Conejera
Tess Gunty
SEXTO PISO
24,90 €



Nada es verdad
Veronica Raimo
LIBROS DEL ASTEROIDE
18,95 €




La península de las veinticuatro estaciones
Inaba Mayumi
ERRATA NATURAE
21 €



Maldeniña
Lorena Salazar Masso
TRÁNSITO
16,90 €

Rentrée

Os días fanse máis curtos e as noites alóganse. Así que por aquí vos vai unha escolla das novidades para acompañarnos nestes días de cambios e de volta á rutina 😊



Te di ojos y miraste las tinieblas
Irene Solà
ANAGRAMA
17,90 EUROS



La clase de griego
Han Kang
RANDOM HOUSE
19,90 EUROS



Xa vemos palmeiras
Ana Cabaleiro
XERAIS
17,50 €




Os mil e un días
Carmen Villar
XERAIS
12,95 €



O Bensi de Galicia. O arrebato cinematográfico de Rey Soto
Manolo González
ALVARELLOS
19,50 €



Historia social del jazz primitivo (volumes 1 e 2)
Rag Cuter
CORAZONES BLINDADOS
50,00 €



El ruido de una época
Ariana Harwicz
GATOPARDO
17,95 €



Como funciona?
Peter Hinckley
AIRA EDITORIAL
19,95 €



La leyenda de las mareas mansas
Irene Vallejo
SIRUELA
18,95€



Diários de coresma e quarentena
Naire Eanes Quinta
SAUROBUKS
15,00€

MÉRCORES 6 ÁS 20H30

Presentación de *El valor de los cuidados* (Octaedro Editorial) cos autores **Pere Peris** e **Xavier Gimeno**, acompañados do escritor **Eduard Velasco**.

XOVES 21 ÁS 20H00

Conversa entre as poetas **Samuel Merino** e **Branca Trigo** e lectura arredor dos libros *Con esta fouce* (Disbauxa) e *ConDoLore* (Urutau).

VENRES 22 ÁS 20H00

Presentación de *Improvisación libre. La composición en movimiento* (Editorial Cántico) de **Chefa Alonso** xunto á creadora **Marina Oural** e a violocellista **Macarena Montesinos**.

XOVES 28 ÁS 20.00H

Carmen Villar presenta *Os mil e un días* acompañada por **Álex Monteagudo** á guitarra, **Beni Salgado** e **Andrea Barreira**.

VENRES 29 ÁS 20:30

Presentación do poemario *Estar con otro* de **Carlos Catena** (Pre-Textos Poesía) acompañado de **Olalla Cociña**.



Librería NUMAX
Venres 15 de setembro
ás 20h30

Veladas Analóxicas

03

«Dentro e fóra
dos marcos»

Lara Dopazo
Ruibal
+ Ángel
Carracedo

NUMAX



**NUMAX
NA ESCOLA**

**PROXECCIONS EDUCATIVAS
PARA INFANTIL, PRIMARIA,
SECUNDARIA E BACHARELATO.**

Infórmate en
numax.org/na-escola
escola@numax.org



Cinema



**Filme
do mes:**

CERRAR LOS OJOS

ESTREA 29 SET


Victor Erice, 169', ESP, VO, +7

Con Manolo Solo, Ana Torrent

Un célebre actor, Julio Arenas, desaparece durante a rodaxe dun filme. Aínda que nunca se chega a atopar o seu cadáver, a policía conclúe que sufriu un accidente á beira do mar. Moitos anos despois, esta sorte de misterio volve á actualidade a raíz dun programa de televisión que pretende evocar a figura do actor.

Tres décadas despois da súa anterior longametraxe volve á pantalla grande o cinema de Víctor Erice, tras engaiolar a crítica e público no Festival de Cannes. Unha cita imprescindible.

 **Festival de Cannes 2023**



PASSAGES ESTREA 1 SET

Ira Sachs, 91', ING-FR, VOSE, +12

Con Franz Rogowski, Adèle Exarchopoulos

Durante o seu último día de rodaxe en París, o director de cinema Tomas déitase con Agathe, unha moza que coñece nunha discoteca. Cando Tomas llo conta orgulloso ao seu marido Martin, xorde unha relación apaixonada entre os tres marcada pola paixón, os celos e o narcisismo.

🏆 **Panorama Berlinale 2023**



NOTAS SOBRE UN VERANO ESTREA 1 SET

Diego Llorente, 83', ESP, VO, +12

Con Katia Borlado, Álvaro Quintana

Marta vive en Madrid e está a piques de ir vivir co seu mozo Leo pero antes decide pasar o mes de agosto en Xixón coa súa familia. É alí onde se reencontra coas súas amigas de sempre e con Pablo, un antigo amor.

🏆 **Sección Oficial Rotterdam 2023**



CREATURA ESTREA 8 SET

Elena Martín, 112', CAT, VOSE

Con Elena Martín, Alex Brendemühl

Despois de mudarse coa súa parella a un novo fogar, Mila decátase de que a súa perda de desexo se atopa en si mesma. A partir de aí, empeza unha viaxe na que revisa experiencias da súa infancia e adolescencia coa esperanza de reconciliarse co seu propio corpo.

🏆 **Mellor Filme Europeo Quincena dos Realizadores Cannes 2023**



O SOL DO FUTURO ESTREA 15 SET

Nanni Moretti, 95', ITA, VOSE, +7

Con Nanni Moretti, Mathieu Amalric

Giovanni, un coñecido cineasta italiano, prepárase para rodar o seu novo filme. Pero entre a súa parella en crise, o seu produtor francés ao borde da quebra e a súa filla que non lle fai caso, todo se pon na súa contra.

🏆 **Sección Oficial Cannes 2023**



MISTERIO EN VENECIA

ESTREA 22 SET

Kenneth Branagh, 103', ING, VOSE

Con Kenneth Branagh, Kyle Allen

Na Venecia posterior á Segunda Guerra Mundial, Hércules Poirot, agora retirado e vivindo no seu propio exilio, asiste de mala gana a unha sesión de espiritismo na que un dos convidados é asasinado. O ex-detective terá, unha vez máis, que descubrir o asasino.



MONSTRO ESTREA 29 SET

Hirokazu Kore-eda, 126', XAP, VOSE

Con Sakura Andô, Eita Nagayama

Cando o seu fillo Minato empeza a comportarse de maneira estraña, a súa nai sente que algo vai mal. Ao descubrir que o responsable de todo isto é un profesor, irrompe na escola esixindo saber que está a pasar.

🏆 Mellor Guión Cannes 2023

Universo Víctor Erice



EL ESPÍRITU DE LA COLMENA 1, 5 E 9 SET

Víctor Erice, 94', ESP, VO, 1973

Con Ana Torrent, Fernando Fernán Gómez

Nunha pequena vila de Castela, en plena posguerra a mediados dos anos corenta, Isabel e Ana, dúas irmás de oito e seis anos respectivamente, ven un domingo o filme *O Doutor Frankenstein*. Recuperamos todo un clásico do cinema español que hai exactamente 50 anos daba a coñecer o enorme talento de Víctor Erice.

🏆 Cuncha de Ouro Donostia 1973



EL SUR 12, 16 E 19 SET

Víctor Erice, 93', ESP, VO, 1983

Con Omero Antonutti, Iciar Bollain

A Gaivota é unha casa grande situada nas aforas dunha cidade do norte de España. Nela viven Agustín, médico e rabdomante, a súa muller, mestra represaliada polo franquismo, e a súa filla Estrella. A nena, desde a súa infancia, sospeita que o seu pai oculta un segredo.

🏆 Sección Oficial Cannes 1983

Especial Nanni Moretti



CARO DIARIO 8, 9 E 10 SET

Nanni Moretti, 100', ITA, VOSE, 1993

Con Nanni Moretti, Renato Carpentieri

Co gallo da estrea d'*O sol do futuro* recuperamos o filme que deu sona internacional a Nanni Moretti e unha das obras mestras das últimas décadas. *Caro Diario* está estruturada en tres episodios que reflicten a vida e as opinións do seu autor.

🏆 **Mellor Dirección Cannes 1983**

Petís NUMAX



ASTROS INMÓBILES

30 SET - 1 OUT

VV.AA., 51', VE, ESP, +6

Programa composto por tres curtas que nos abren as portas a descubrir novos mundos desde a asertividade, a escoita e o respecto mutuo a través das historias lle dan vida.

Os ollos verdes



MISIÓN A MARTE 29 SET

Amat Vallmajor del Pozo, 80', EUS, VOSE

Con Txomin del Pozo, Gerardo del Pozo

Nun País Vasco post-apocalíptico, dous irmáns parten nunha misión a Marte. Txomin, un arqueólogo vasco en paro, recibe o encargo dunha peritaxe en Marte. Co seu irmán Gene ao volante, parten de Eibar nunha aventura polo norte de España.

🏆 **Premio Latexos Novos Cinemas 2022**

📌 **Presentación e coloquio co director**

Cinema+100



UNHA MULLER DE PARÍS 26 SET

Charles Chaplin, 84', ING, VOSE, 1923

Con Edna Purviance, Clarence Geldart

No seu primeiro filme dramático, Charles Chaplin denuncia a hipocrísia e os prexuízos morais da sociedade a través da historia de Marie St. Clair, unha sinxela moza dunha pequena vila francesa namorada dun pintor. O pase terá lugar 100 anos despois da primeira proxección do filme, o 26 de setembro de 1923.

Pases especiais



BUCK JUMPING 14 SET

Lily Keber, 74', ING, VOSE

Buckjumping é unha viaxe cinematográfica á alma de Nova Orleans. O filme explora diferentes comunidades que se expresan nas rúas a través do movemento, ofrecendo un retrato dinámico da espiritualidade desta cidade marcada pola música.

i Organiza Hola Nola Fest

ABBA: THE MOVIE

PASES ÚNICOS 17-18 SET

Lasse Hallström, 95', SV, VOSE

Rodada durante a xira da banda por Australia en 1977, reflicte a loucura da “Abba-manía”. Ademais das actuacións en vivo dos seus grandes éxitos, o filme rexistra tensións e pelexas internas así como a histeria dos fans.

A ILUSIÓN DA ABUNDANCIA

PASE ÚNICO 13 SET

Matthieu Lietaert, Erika Gonzalez Ramirez, 61', ESP-ING, VOSE

Máxima, Bertha e Carolina son tres mulleres latinoamericanas que comparten un obxectivo. Mentres os gobernos e as corporacións están atrapados nunha carreira para obter materias primas máis baratas, elas relatan a súa historia de resistencia e militancia.

i Entrada de balde | Organiza Oxfam Intermón

WOS Festival



EXPEDITION CONTENT 16 SET

Ernst Karel & Veronika Kusumaryati, 78', ING, VOSE

O artista sonoro E. Karel e a antropóloga V. Kusumaryati ofrecen unha experiencia sonora inmersiva a partir das gravacións de Michael Rockefeller captadas durante a expedición a Papúa Occidental emprendida polo cineasta Robert Gardner para realizar *Dead Birds* (1964).

CAN AND ME 17 SET

Tessa Knapp & Michael P. Aust, 90', DE, VOSE
Con Irmin Schmidt e Brian Eno




Retrato íntimo e poético de Irmin Schmidt, fundador de CAN, un dos grupos cruciais e máis influentes do movemento krautrock xurdido na Alemaña de finais dos 60.



↑ O sol do futuro (Nani Moretti) ESTREÁ O 15 DE SETEMBRO

NUMAX

Concepción Arenal, 9 baixo
Santiago de Compostela
www.numax.org

   Síguenos en @numaxcoop


EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME

Co patrocinio de

AAAAAA **Agencia**
GGGGGG **Gráfica**
